

A Xunta de Galicia premiada polo impulso á sociedade da información e á e-Administración

Premio ao Proxecto Tecnolóxico do Sector Público do Ano.

Galardón que recibe da revista **ComputerWorld**, publicación especializada en Tecnoloxías da Información, no marco da *XVI Conferencia Internacional* (conferencia Anual da publicación) celebrada o día 1 de xuño de 2010 en Marbella. Estes premios teñen por obxecto destacar proxectos que impulsan as tecnoloxías da información para mellorar o servizo dos organismos públicos e privados, así como a labor destes como artífices na común unión entre TI e negocio. Nesta edición da Conferencia outorgáronse sete premios en diversas categorías.

A revista ComputerWorld vén de concederlle á **Xunta de Galicia**, este premio polo seu impulso definitivo da sociedade da información e a *e-Administración*, na modalidade de proxecto tecnolóxico do sector público do ano.

Segundo explica a publicación “o galardón é un recoñecemento ao compromiso desta institución coa modernización TIC, como mostra a creación da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Un ente cuxo obxectivo é impulsar e dar asesoramento técnico e apoio en materia de TIC e a súa aplicación para o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia e apoiar e dar servizo de forma centralizada ás diferentes consellerías, buscando a calidade, a racionalización e a mellora do nivel de servizo na xestión das TIC”.

Estratexia da Xunta de Galicia

O **Plan estratéxico galego da sociedade da información 2007-2010 (PEGS)**, deseña actuacións específicas en materia de sociedade da información. Para a elaboración do plan tivéronse en conta cinco aspectos clave:

- As infraestruturas e os servizos de telecomunicacións.
- Administración Electrónica.
- Nivel de emprego das novas tecnoloxías, por parte da cidadanía.
- Grao de desenvolvemento das TIC nas empresas.
- O sector das TIC debe converterse en un sector produtivo esencial.

Plan de acción

Os principais puntos que conforman o Plan de acción son:

e-Goberno

- **Desenvolvemento da Administración electrónica.**
- **Servizos públicos de calidade.**

Telecomunicacións

- **Plan director de Banda Larga.**
- **Apoio ó plan de acendido dixital.**

Dinamización das TIC

- **Nova Rede Galega de Centros de Servizo para a Sociedade da Información.**
- **Impulsar a penetración das TIC nas Pemes, micropemes e autónomos .**

Sector empresarial da sociedade da información

- **Plan integral de apoio ao sector empresarial da sociedade da información.**
- **Apoio á produción de contidos e servizos innovadores.**

Instrumentos de apoio ás políticas da sociedade da información.

Observatorio Galego da Sociedade da Información e da e-Administración.

En relación á modernización dos servizos públicos

A iniciativa **eGoberno 2013**, na que se está a traballar en colaboración coas deputacións provinciais e a Fegamp (*Federación Galega de Municipios e Provincias*), facilitará o desenvolvemento da Administración electrónica en Galicia no ámbito das administracións autonómica, local e das empresas.

En materia de telecomunicacións

Plan de **acendido dixital**, acadado o 2 de abril de 2010, para abandonar a tecnoloxía analóxica de televisión.

Posta en marcha o pasado mes de febreiro, do **Plan Director de Banda Larga de Galicia 2010-2013**, obxectivo: posibilitar o acceso a banda larga a toda a sociedade galega, situando a Galicia entre as rexións de referencia no desenvolvemento das novas tecnoloxías e infraestruturas para a sociedade da información.

A dinamización no uso das TIC

Como instrumento esencial, a creación da **Nova Rede Galega de Centros (Telecentros) de Servizos á sociedade da información**. Esta rede integra os diferentes instrumentos que permitan achegar as actividades de formación e difusión no uso das novas tecnoloxía á meirande parte da poboación.

Polo que respecta ó sector empresarial, potenciáranse as actuacións orientadas a estimular e favorecer a integración das TIC nos diferentes sectores produtivos, destacando a posta en marcha dun **centro demostrador de software para pemes**, como lugar de encontro entre a oferta do sector TIC e a demanda dos empresarios.

Impulso ao sector TIC

A Xunta de Galicia artellará unha **política global** que abrangará todos os eidos de apoio ao sector.

Conclusión

Garantir os **dereitos dos cidadáns a relacionarse coa administración** nos seus distintos niveis (local, autonómica e estatal), a través dos medios electrónicos.

O *Plan de acción para o desenvolvemento da sociedade da información 2010* potenciará a *mellora da Administración electrónica* en Galicia e impulsará os *servizos públicos de calidade* mediante a *modernización e a innovación tecnolóxica* na Administración.

Promovendo cinco áreas de actuación:

- Non deixar fora a ningún cidadán.
- Eficiencia e efectividade.
- Oferta de servizos valorados polos usuarios.
- Favorecer a seguridade dos servizos.
- Reforzar a participación e a toma de decisión democrática.

Fonte:

<http://imit.xunta.es/portal/actualidade>

<http://imit.xunta.es/portal/>

<http://www.xunta.es/>

<http://www.idg.es/computerworld/articulo.asp?id=189339>